



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 2 DE MAIO DO 2011.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dous de maio de dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Dona Manuela Iglesias Collarte, Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Anxo Collarte Pérez. Non asiste Don Emilio J. Cuiñas Otero.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 26 de abril do dous mil once (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Solicitud de Dona Felisa Lamas Martinez con data RE 19 de abril de 2011 N° RE 1989, relativo a concesion de cambio de lápida conmemorativa.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos asistentes conceder o cambio da lápida conmemorativa a Dona Felisa Lamas Martinez como titular do recibo pola taxa do uso do cemiterio, sen que en ningún caso o pago do mesmo implique ningún tipo de dereito de propiedade a favor do mesmo.

ACOMETIDAS DE AUGA.-

- 1.-“Visto o escrito presentado por **Don Fidel Regueiro Cacheiro**, con domicilio en As Ermas, San Cristóbal, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para recreo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso de recreo, que será supervisada pola empresa concesionaria do



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

2.- “Visto o escrito presentado por **Dona Elisa Veloso Chousal**, con domicilio na Rúa Formigueira nº 5, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso domestico, que sera supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fara aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficara nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal de taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamen que se lle comunique este acordo a empresa concesionaria do servizo”.

3.- “Visto o escrito presentado por **Dona Alejandra Otero Vaquero**, con domicilio en Ventosela nº 85, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso domestico, que sera supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fara aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficara nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal de taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamen que se lle comunique este acordo a empresa concesionaria do servizo”.

4.- “Visto o escrito presentado por **Don Camilo Rodríguez Alonso**, con domicilio na Rúa Cervantes nº 4, Rivadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso domestico, que sera supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fara aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficara nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal de taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamen que se lle comunique este acordo a empresa concesionaria do servizo”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil con data RE 27 de abril de 2011 Nº RE 2109, relativo a expediente sancionador incoado contra Ayuntamiento de Ribadavia.
2. Comunicacion da Deputacion Provincial de Ourense con data RE 28 de abril de 2011 Nº RE 2140, relativo a Convenio marco de colaboracion entre a Deputacion Provincial de Ourense e os Concellos e Mancomunidades da provincia para a prestacion de



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

asistencia técnica en materia de cumplimiento do plan de vixilancia e control dos vertedoiros clausurados de residuos sólidos urbanos.

3. Comunicación de Aqualia con data RE 28 de abril de 2011 N° RE 2133, relativo a resultados analíticos del abastecimiento y depuración del período comprendido de enero a marzo de 2011.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

DEVOLUCIÓN DE AVAL.-

Visto o escrito presentado pola empresa NEOR, S.A., sobre devolución de aval da obra de “RECUPERACIÓN DE TRAMO DE MURALLA EN EXTRAMUROS Y ELIMINACIÓN DE LA COLONIZACIÓN BIOLÓGICA DEL CASTILLO DE LOS SARMIENTOS”, por importe de 7.629,31 €, a Xunta de Goberno Local, comprobado que xa transcurriu o prazo legal previsto e visto o informe de tesourería de data 27 de abril de 2011, acorda por unanimidade dos seus asistentes a devolución do citado do aval por importe de 7.629,31 € .

Visto o escrito presentado pola empresa CONSTRUCCIONES E ALMACENES MANUEL VISO E HIJOS, S.L., sobre devolución de aval da obra de “SANEAMIENTO EN PREXIGUEIRO, VAL DE PEREIRA”, por importe de 2.536,80 €, a Xunta de Goberno Local, comprobado que xa transcurriu o prazo legal previsto e visto o informe de tesourería de data 27 de abril de 2011, acorda por unanimidade dos seus asistentes a devolución do citado do aval por importe de 2.536,80 €.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.